



FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA  
R/ Palmeira, 25 - Tfno.(986) 527080  
36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)

## BASES PARA A SELECCIÓN DUN MONITOR/A DEPORTIVO, TÉCNICO SUPERIOR EN ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS OU LICENCIADO/A - GRADO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE PARA IMPARTIR AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN 2014 DA FUNDACIÓN.

**Primeira.** - As presentes bases teñen por obxecto a selección baixo a modalidade de contrato por obra e servizo determinado, a media xornada dun Técnico Superior en Animación de Actividades Físico Deportivas ou Licenciado ou Grado de Ciencias da Actividade Física e Deportiva para impartir as actividades da Fundación.

**Segunda.** - A presente contratación levarase a cabo, con carácter de urxencia, para levar a cabo as actividades deportivas de verán 2014, actividades de interese xeral, para conseguir os fins últimos da nosa organización onde ten prioridade o deporte Base.

**Terceira.** - A duración do contrato é de 2,5 meses. O traballo será distribuído en 20 horas semanais entre os meses de xuño a setembro.

**Cuarta** .- As retribucións serán de 661, 54 € brutos incluída a parte proporcional das pagas extras.

**Quinta.** - Requisitos:

- Poderán participar na presente convocatoria os nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou daqueles estados, ós que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se teña definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar na presente convocatoria, o cónxuge dos españois e dos nacionais non estean separados de dereito, menores ou maiores de 21 anos que vivan ás súas expensas.

- O título requerido para participar na presente convocatoria é o de Técnico Superior en animación en actividades físicas e deportivas ou o de Licenciado ou Grado en Ciencias da Actividade Física e Deportiva.

- Ter 18 anos cumplidos na data da presentación de instancias e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa.

- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo do estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, non estar inhabilitado nin suspenso, para o exercicio de Funcións Públicas.

- Non ter ningunha enfermidade ou eiva físico ou psíquico que impida o exercicio das funcións.

Todos os requisitos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

**Sexta.** -As instancias solicitando tomar parte na presente convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de A Illa de Arousa, dentro do prazo de 7 días naturais a partir do seguinte da publicación do anuncio nun periódico de tirada en toda Galicia e as bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de A Illa de Arousa.

Poderán así mesmo presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Conforme a este precepto se as solicitudes se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer seladas e datadas polo funcionario de correos.

As instancias dirixiranse ó Presidente da Fundación Deportiva, segundo o modelo que figura como Anexo I na presente convocatoria.

Os/as aspirantes manifestarán neste momento que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas.

A instancia acompañarase inescusablemente de:

- Fotocopia compulsada de documento acreditativo da súa identidade.
- Fotocopia compulsada do título de Técnico Superior en animación de actividades físico deportivas ou superior.
- Da relación dos méritos que alegue o interesado/a no seu Curriculum Vitae, acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tó dolos seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A xustificación das mestriás ou especializacións teranse en conta sempre e cando se presente a fotocopia compulsada do expediente académico. Non puntuarán como cursos as materias que non sexan consideradas mestriás ou especializacións.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Presidente ditará resolución na que no prazo máximo de 5 días naturais declare aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na mesma indicarase a causa de exclusión e concederase un prazo de 2 días hábiles para a subsanación de defectos no seu caso. Transcorrido o devandito prazo o Presidente ditará resolución na que indicará a lista definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada

no taboleiro de anuncios do Concello con indicación do día no que se realizará a entrevista e cualificación.

De non existir ningún excluído na primeira listaxe, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos.

**Sétima.-** A selección constará da cualificación dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes, conforme ó baremo que figura como anexo ó presente prego, así como da realización dunha entrevista persoal ou pequeno cuestionario no que se presentarán cuestións relacionadas co traballo a realizar.

A puntuación total de cada aspirante será a que resulte da suma obtida en dito baremo, cunha puntuación máxima de 10 puntos.

**Oitava. -** A composición do Tribunal de selección axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta: A xerente da Fundación Deportiva Municipal.
- Vocais: 3 representantes dos traballadores Municipais.
- O secretario (con voz e voto): O da fundación ou funcionario en quen delegue.

**Novena. -** Para a válida constitución da comisión cualificadora, a efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Presidente e Secretario, ou no seu caso, de quen os substitúan e de, a lo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes.

**Décima. -** A comisión cualificadora ten a facultade de resolve-las dúbidas que xurdan na aplicación das bases e poderá tomar acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nelas.

**Undécima -** Oportunamente, comunicarase ó/á seleccionado/a a data para o inicio dos servizos.

**Duodécima. -** Os beneficiarios desenvolverán o seu traballo levando a cabo as actividades ofertadas pola Fundación Deportiva e debendo presentar unha programación e memoria na que se recolla unha referencia dos traballos realizados así como unha valoración das actividades ofertadas, deficiencias, e propostas para a mellora da actividade. A memoria será entregada antes do 20 de setembro do 2014.

**ANEXO DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO SUPERIOR EN ANIMACIÓN FÍSICO DEPORTIVA OU LICENCIADO/GRADO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE PARA IMPARTIR AS “ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN DA FUNDACIÓN”.**

1. Experiencia Profesional..... 3 puntos máximo.
2. Titulacións..... 3 puntos máximo
3. Entrevista persoal ou proba escrita..... 4 puntos máximo

**Apartado 1**

- Experiencia profesional como monitor impartiendo cursos ou actividades deportivas en diferentes idades: ata un máximo de 3 puntos.
    - 0,20 puntos por curso ou módulo impartido de 3 meses de duración.
    - 0,30 puntos por curso ou módulo impartido de 3 meses de duración de Patinaxe, Educación Física de Base, Predeporte ou Multideporte, Actividade Física no Medio Natural, Actividades Acuáticas ou natación, Ciclismo ou rutas en Bicicleta.
- (A Experiencia profesional deberá acreditarse con currículo e vida laboral, debendo especificarse con certificado o tipo de traballo que desempeñaron en cada un dos contratos para a correcta puntuación).

**Apartado 2**

- Títulos e cursos relacionados co posto, máximo 3 puntos.
  - **Títulos** (é obligatorio ter algún destes títulos):
    - \* Técnico Superior en actividad física e deportiva: 0.5 punto
    - \* Licenciado en Ciencias da actividad Física e do Deporte: 1 punto.
  - **Outros cursos ou maestrías relacionados có posto:**
    - \* Cursos ou mestría de Patinaxe
    - \* Cursos ou mestría de Natación ou Actividades Acuáticas
    - \* Cursos de Educación Física de Base.
    - \* Cursos de Actividade Física no Medio Natural.
    - \* Curso de actividades predeportivas ou Multideportivas
    - \* Curso de Ciclismo ou Rutas en Bicicleta
    - \* Curso de monitor de tempo libre ou de animador socio-cultural.
    - \* Outros cursos que o Tribunal considere que poidan estar relacionados có posto.


DURACIÓN / HORAS	PUNTOS
Máis de 250 horas	0,50 puntos
De 100 a 249 horas	0,40 puntos
De 60 a 99 horas	0,30 puntos
De 30 a 59 horas	0,20 puntos
Ata 29 horas	0,10 puntos

**Apartado 3**

- Entrevista persoal ou proba escrita (Ata un máximo de 4 puntos)

En A Illa de Arousa a ~~10 de xuño de 2014~~

O PRESIDENTE





FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA  
R/ Palmeira, 25 - 36626 - A ILLA DE AROUSA(Pontevedra)  
Tfno.662 300 391 correo electrónico: fundacion@ailladearousa.es

## ANEXO I.

### MODELO DE INSTANCIA:

D./a. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
e con enderezo en (Rúa, lugar ou praza) \_\_\_\_\_  
localidade \_\_\_\_\_ Código Postal \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_

### EXPÓN:

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a cobertura dunha praza de Monitor Deportivo, manifesta que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da mesma.

Que acompaña a documentación requerida.

Por todo iso,

### SOLICITA:

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia.

A Illa de Arousa, \_ de \_\_\_\_\_ de 2014

Asdo:

